

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Alumnado

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao		
Graos D: Ciclos formativos	D3IFC000100 - Administración de sistemas informáticos en rede	A		
Módulo				
MP0377 - Administración de sistemas xestores de bases de datos (2º)				
Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo	
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A	
Sesiões semanais	Horas anuais	Duración Sesiões	Sesiões anuais	Sesiões centro
4	109	50	131	68

Profesorado responsable

Docentes
Pin Rodríguez, Margarita

Contido	Páxina
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
Procedemento de avaliación inicial.	10
Criterios de cualificación e recuperación	11
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	13
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	13
Programación da educación en valores.	13
Actividades complementarias e extraescolares.	14
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	14
Outros apartados.	14

Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O desenvolvemento curricular deste módulo farémolo tomando como referencia o entorno produtivo existente no contorno xeográfico onde se atopa o centro educativo IES Chan do Monte (Marín). Esta preto da capital da provincia donde o sector de servizos é o de máis peso, e un entorno máis industrial relacionado sobre todo no ámbito da pesca, construción naval e en menor grado o turismo.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de administrar sistemas xestores de bases de datos.

A administración de sistemas xestores de base de datos abrangue aspectos como:

- Implantación de sistemas xestores de bases de datos.
- Manipulación de bases de datos.
- Aplicación de medidas de seguridade.
- Planificación e realización de tarefas administrativas.
- Monitorización e optimización da base de datos e do sistema xestor de bases de datos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na implantación e na administración de bases de datos e de sistemas xestores de base de datos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo:

d) Instalar e configurar software de xestión, seguindo especificacións e analizando contornos de aplicación, para administrar aplicacións.

e) Instalar e administrar software de xestión, tendo en conta a súa explotación, para implantar e xestionar bases de datos.

j) Seleccionar sistemas de protección e recuperación, analizando as súas características funcionais, para pór en marcha solucións de alta dispoñibilidade.

n) Asignar os accesos e os recursos do sistema, aplicando as especificacións da explotación, para administrar usuarios.

ñ) Aplicar técnicas de monitorización, interpretar os resultados e relacionalos coas medidas correctoras, para diagnosticar e corrixir as disfuncións.

Este módulo contribúe a alcanzar as seguintes competencias do ciclo formativo :

b) Administrar servizos de rede (web, mensaxería electrónica, transferencia de ficheiros, etc.) instalando e configurando o software, en condicións de calidade.

d) Implantar e xestionar bases de datos instalando e administrando o software de xestión en condicións de calidade, segundo as características da explotación.

k) Asegurar o sistema e os datos segundo as necesidades de uso e as condicións de seguridade establecidas, para previr fallos e ataques externos.

l) Administrar usuarios de acordo coas especificacións de explotación, para garantir os accesos e a dispoñibilidade dos recursos do sistema.

m) Diagnosticar as disfuncións do sistema e adoptar as medidas correctivas para restablecer a súa funcionalidade.

Este módulo, para a súa validación, correspóndese coa unidade de competencia:

UC0224_3: Configurar e xestionar un sistema xestor de bases de datos.

Este módulo, para a súa acreditación, correspóndese coas unidades de competencia:

UC0224_3: Configurar e xestionar un sistema xestor de bases de datos.

Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Instalación de sistemas xestores de bases de datos	Primeiro se fai un repaso das funcións dun SXBD, e logo un estudo dos SXBD que oferta o mercado, para seleccionar un ou dous para instalar en distintas plataformas (Windows, Linux,...)	10	9
2	Configuración de sistemas xestores de bases de datos	Facer cambios na configuración do/s servidor/es para adaptar a instalación ás necesidades do usuario. Tamén se verá o manexo de ficheiros de rexistro (logs) e do dicionario de datos para que o	17	11

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
2	Configuración de sistemas xestores de bases de datos	administrador dispoña de información sobre o funcionamento de servidor de bases de datos.	17	11
3	Acceso á información	Limitación do acceso aos datos mediante a creación de vistas e a xestión de usuarios que acceden ao servidor.	23	13
4	Automátización de tarefas. Construcción de secuencias de comandos de administración	Creación de procedementos, funcións, disparadores e scripts que permitan automatizar tarefas do Administrador da Base de Datos (ABD)	30	23
5	Mellora do rendemento: Monitorización e Optimización	Manexo de comandos e ferramentas gráficas que permitan analizar o funcionamento do servidor, e facer cambios para mellorar o seu rendemento. Creación de índices.	15	9
6	Aplicación de criterios de dispoñibilidade a bases de datos distribuídas e replicadas	Conceptos básicos dos sistemas distribuídos. Implementación dun sistema de replicación e un cluster de servidores	5	3

Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Instalación de sistemas xestores de bases de datos	9

Criterios de avaliación
RA1 - Implanta sistemas xestores de bases de datos e analiza as súas características, consonte os requisitos do sistema.
CA1.1 - Recoñeceuse a utilidade e a función de cada elemento dun sistema xestor de bases de datos.
CA1.2 - Analizáronse as características dos principais sistemas xestores de bases de datos.
CA1.3 - Seleccioneuse o sistema xestor de bases de datos.
CA1.4 - Identificouse o software necesario para levar a cabo a instalación.
CA1.5 - Verificouse o cumprimento dos requisitos de hardware.
CA1.6 - Instaláronse sistemas xestores de bases de datos.
CA1.7 - Documentouse o proceso de instalación.
CA1.8 - Interpretouse a información subministrada polas mensaxes de erro e os ficheiros de rexistro.

Criterios de avaliación

CA1.9 - Arranxáronse as incidencias da instalación.

CA1.10 - Verificouse o funcionamento do sistema xestor de bases de datos.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos

BC1 - Instalación dun sistema xestor de base de datos

Sistemas xestores de base de datos (SXBD): tipos, funcións, características e ámbitos de uso.

Compoñentes básicos do SXBD.

Arquitectura do sistema xestor de base de datos.

Tipos de bases de datos: transaccionais e de almacén de datos.

Preparación e parametrización do sistema operativo.

Instalación dun SXBD: parámetros salientables.

Rexistro de instalación.

Utilización de manuais técnicos.

Documentación da instalación.

Instalación de bases de datos noSQL.

Instalación de bases de datos na nube.

UD	Título da UD	Duración
2	Configuración de sistemas xestores de bases de datos	11

Criterios de avaliación

RA2 - Configura o sistema xestor de bases de datos, para o que interpreta as especificacións técnicas e os requisitos de explotación.

CA2.1 - Describíronse as condicións de inicio e parada do sistema xestor.

CA2.2 - Seleccionouse o motor de base de datos.

CA2.3 - Aseguráronse as contas de administración.

Criterios de avaliación
CA2.4 - Configuráronse as ferramentas e o software cliente do sistema xestor.
CA2.5 - Configurouse a conectividade en rede do sistema xestor.
CA2.6 - Definíronse as características por defecto das bases de datos.
CA2.7 - Definíronse os parámetros relativos ás conexións (tempos de espera, número máximo de conexións, etc.).
CA2.8 - Documentouse o proceso de configuración.
CA2.9 - Identificouse a estrutura do diccionario de datos do xestor de base de datos.
CA2.10 - Analizáronse os distintos ficheiros e rexistro ou ficheiros log.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Configuración dun sistema xestor de base de datos
Configuración dos parámetros salientables.
Procesos e servizos do SXBD.
Contas de administración.
Características do xestor de almacenamento.
Configuración do espazo de almacenamento.
Configuración do acceso remoto ao SXBD.
Establecemento de conexións co SXBD.
Estrutura do diccionario de datos.
Ficheiros LOG.
Documentación da configuración
Configuración de bases de datos noSQL
Configuración de bases de datos na nube.

UD	Título da UD	Duración
3	Acceso á información	13

Criterios de avaliación

RA3 - Implanta métodos de control de acceso utilizando asistentes, ferramentas gráficas e comandos da linguaxe do sistema xestor.

CA3.1 - Créanse vistas personalizadas para cada tipo de usuario.

CA3.2 - Créanse sinónimos de táboas e vistas.

CA3.3 - Defíníronse e elimináronse contas de usuario.

CA3.4 - Identificáronse os privilexios sobre as bases de datos e os seus elementos.

CA3.5 - Agrupáronse e desagrupáronse privilexios.

CA3.6 - Asignáronse e elimináronse privilexios a usuarios.

CA3.7 - Asignáronse e elimináronse grupos de privilexios a usuarios.

CA3.8 - Garantiuse o cumprimento dos requisitos de seguridade.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos

BC3 - Acceso á información

Seguridade dos datos.

Utilidades dos sistemas xestores de bases de datos para garantir a seguridade dos datos.

Confidencialidade: usuarios, papeis, dereitos, esquemas externos (vistas e sinónimos), mecanismos de autenticación de usuarios, técnicas de cifraxa dos sistemas xestores de bases de datos, auditoría.

Integridade: restricións, xestión da concorrencia, respaldo e recuperación dos datos.

Normativa legal sobre protección de datos.

UD	Título da UD	Duración
4	Automatización de tarefas. Construcción de secuencias de comandos de administración	23

Criterios de avaliación

RA4 - Describe e automatiza tarefas de administración do xestor, utilizando secuencias de comandos.

CA4.1 - Recoñeceuse a importancia de automatizar tarefas administrativas.

CA4.2 - Describíronse os métodos de execución de secuencias de comandos.

CA4.3 - Identificáronse as ferramentas dispoñibles para redactar secuencias de comandos.

CA4.4 - Definíronse e utilizáronse secuencias de comandos para automatizar tarefas.

CA4.5 - Identificáronse os eventos susceptibles de activar disparadores.

CA4.6 - Definíronse disparadores.

CA4.7 - Utilizáronse estruturas de control de fluxo.

CA4.8 - Adoptáronse medidas para manter a integridade e a consistencia da información.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos

BC4 - Automatización de tarefas: construción de secuencias de comandos de administración

Automatización de tarefas. Tipos de tarefas que se poden automatizar e ferramentas de planificación do SXBD.

Ferramentas para creación de secuencias de comandos.

Planificación de tarefas de administración mediante secuencias de comandos.

[Disparadores. Modelo de execución e eventos. Tipos de disparadores: de fila e de secuencia. Almacenamento e uso dos valores anteriores á modificación realizada polo disparador. Execución encadeada de disparadores.](#)

[Características avanzadas das linguaxes incorporadas nos SXBD.](#)

UD	Título da UD	Duración
5	Mellora do rendemento: Monitorización e Optimización	9

Criterios de avaliación	
RA5 - Mellora o rendemento do sistema aplicando técnicas de monitorización e realizando adaptacións.	
CA5.1 - Identificáronse as ferramentas de monitorización dispoñibles para o sistema xestor.	
CA5.2 - Describíronse as vantaxes e os inconvenientes da creación de índices.	
CA5.3 - Creáronse índices en táboas e vistas.	
CA5.4 - Optimizouse a estrutura da base de datos.	
CA5.5 - Optimizáronse os recursos do sistema xestor.	
CA5.6 - Obtívose información sobre o rendemento das consultas para a súa optimización.	
CA5.7 - Programáronse alertas de rendemento.	
CA5.8 - Realizáronse modificacións na configuración do sistema operativo para mellorar o rendemento do xestor.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos	
BC5 - Mellora do rendemento: monitorización e optimización	
Ferramentas de monitorización dispoñibles no sistema xestor.	
Elementos e parámetros susceptibles de ser monitorizados.	
Optimización do rendemento do SXBD: Ferramentas de configuración automática do rendemento. Axuste da configuración do sistema operativo e do subsistema de almacenamento. Configuración dos parámetros das bases de datos que afectan o rendemento. Ferramentas	
Optimización de consultas. Plans de execución.	

UD	Título da UD	Duración
6	Aplicación de criterios de dispoñibilidade a bases de datos distribuídas e replicadas	3

Criterios de avaliación
RA6 - Analiza e aplica criterios de dispoñibilidade, e axusta a configuración do sistema xestor.
CA6.1 - Recoñeceuse a utilidade das bases de datos distribuídas.
CA6.2 - Describíronse as políticas de fragmentación da información.
CA6.3 - Implantouse unha base de datos distribuída homoxénea.
CA6.4 - Creouse unha base de datos distribuída mediante a integración dun conxunto de bases de datos preexistentes.
CA6.5 - Configurouse un nodo mestre e varios escravos para levar a cabo a replicación do primeiro.
CA6.6 - Configurouse un sistema de replicación en cadea.
CA6.7 - Comprobose o efecto da parada de determinados nodos sobre os sistemas distribuídos e replicados.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Aplicación de criterios de dispoñibilidade a bases de datos distribuídas e replicadas
Alta dispoñibilidade: bases de datos distribuídas, clústers, bases de datos na nube.
Tipos de SXBD distribuídos, características, vantaxes e desvantaxes.
Compoñentes dun SXBD distribuído.
Técnicas de fragmentación e asignación.
Replicación dos datos.
Transaccións distribuídas.

Procedemento de avaliación inicial.

O comezo do curso realizarase a avaliación inicial para avaliar os coñecementos previos que os alumnos podan ter desta materia a fin de adecuar estratexicamente o proceso de ensino-aprendizaxe.

Se é necesario, introducíranse adaptacións na programación do módulo, una vez coñecida a realidade dos alumnos e valorárase a necesidade de adoptar outro tipo de medidas para unha mellor atención á diversidade.

O instrumento de avaliación inicial estará baseado na experiencia profesional do profesor e terá carácter principalmente de tipo observacional que mediante as actividades propostas durante as primeiras semanas do inicio curso, comportamentos e actitudes permiten obter unha fonte de datos, para o seu posterior análises e toma de decisións respecto á diversidade que puidera aparecer.

A finais do primeiro mes reuniranse os profesores do equipo docente do curso coa finalidade de describir a situación inicial, deducir as necesidades que aparecen, realizar propostas e tomar decisións conxuntas en torno a un alumno o

a un grupo.

Criterios de cualificación e recuperación

Procedemento e criterios de cualificación:

En principio, a avaliación do alumnado será continua, e haberase de ter en conta o grao de consecución dos resultados de aprendizaxe que se especifican nos obxectivos deste módulo.

Durante o desenvolvemento das clases, procederase á observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe de cada alumno co fin de avaliar o progreso do mesmo en relación ao grao de consecución dos resultados de aprendizaxe descritos no currículo do ciclo formativo.

Valorarase a participación activa, así como a realización, presentación e exposición (de ser o caso), das tarefas encomendadas debidamente documentadas.

Farase unha recollida puntual de exercicios e realizaranse probas puntuais para obter información sobre capacidades ou destrezas concretas como se describe nas UD's correspondentes.

A materia dividirase en bloques que se avaliarán e deberán ser superados de xeito independente para acadar unha avaliación positiva. Estes bloques son os seguintes:

- UD1 e UD2 - Instalación e configuración dun SXBD
- UD3 - Acceso a información.
- UD4 - Automátización de tarefas. Construcción de secuencias de comandos de administración
- UD5 - Mellora do rendemento: Monitorización e Optimización
- UD6 - Aplicación de criterios de dispoñibilidade a bases de datos distribuídas e replicadas.

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva son ter superados os mínimos esixibles indicados nas unidades didácticas:

UD1 y UD2

- Instalar SXBD SQL e non SQL e verificar o seu funcionamento documentando o proceso de instalación.
- Configurar os parámetros máis salientables do SXBD.
- Definir o espazo de almacenamento.
- Interpretar os ficheiros de rexistro ou ficheiros de log.

UD3

- Crear, modificar e eliminar vistas segundo as necesidades.
- Asignar e eliminar privilexios a usuarios e/ou grupos de usuarios.

UD4

- Definir e empregar secuencias de comandos, funcións, procedementos e disparadores para automatizar tarefas.

- Adoptar medidas para manter a integridade e a consistencia da información.
- Definir eventos.

UD5

- Crer índices para mellorar o rendemento en táboas e vistas.
- Obter información sobre o rendemento das consultas e interpretala para optimizalas.
- Optimizar os recursos do SXBD.

UD6

- Crear unha base de datos distribuída mediante a integración dun conxunto de bases de datos preexistentes.

Para acadar unha cualificación o máis obxectiva posible en relación á consecución dos resultados de aprendizaxe do currículo, empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

Realización de probas prácticas: que permitan facer un seguimento individualizado da asimilación dos contidos impartidos e o grao de consecución dos obxectivos do módulo. Nas probas valorarase principalmente a sinxeleza, claridade e comprensión dos procedementos asociados. Para superar cada proba realizada será necesario sacar un 5 sobre 10.

Realización de tarefas prácticas en clase. Sen previo aviso poderanse recoller algunhas das tarefas que se desenvolven na clase para valorar o grao de consecución dos obxectivos de cada un dos alumnos. Será obrigatorio entregar como mínimo o 50% das tarefas propostas. En caso contrario a cualificación deste apartado será de 0.

Para que o alumno sexa cualificado positivamente, será necesario ter unha nota igual ou maior que 5 e superar os mínimos esixibles en cada unha das probas que se realicen. En caso de non aprobar ou non superar os mínimos esixibles da proba relativa a unha unidade didáctica ou bloque de contidos suporá unha cualificación final inferior a 5 (aínda cando a media global supere esta nota).

O cálculo da nota farase tendo en conta as lista de cotexo correspondentes aos bloques de contidos detallados anteriormente, e para elo teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- 85% da nota será a media ponderada en base aos pesos establecidos na programación, das notas obtidas nas probas.

- 15% da nota corresponderá ao traballo diario na clase e a realización e presentación dos exercicios propostos.

As notas de cada avaliación calcularanse en base aos bloques de contidos correspondentes as probas realizadas neste periodo tendo en conta os pesos establecidos na programación para as UD's correspondentes.

Os alumnos que superen todos os bloques cunha nota igual o superior a cinco na segunda avaliación, terán o módulo superado e a cualificación da avaliación final será a media ponderada en base aos pesos establecidos na programación para as UD's correspondentes (independentemente das notas obtidas nas avaliacións). A cualificación final do módulo será a consignada na sesión de avaliación final de módulos, integrando os resultados obtidos no centro educativo que, de ser o caso pode ser matizada polo traballo desenvolvido na empresa.

Os alumnos que teñan pendentes de recuperar algún bloque terán unha cualificación inferior a 5 e abrirase un período de recuperación segundo o procedemento indicado no apartado seguinte desta programación.

As probas de avaliación realizaranse conforme ás Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), respectando os criterios de integridade académica (autoría propia, prohibición de copia ou plaxio, uso correcto das fontes, cumprimento das condicións de avaliación e defensa da proba) e as condicións establecidas polo profesorado.

Procedemento e criterios de recuperación

Para facer a recuperación das unidades/bloques pendentes establecerase un calendario no terceiro trimestre coas datas de entrega dos traballos, e das probas, escritas e prácticas, que debe realizar. Os instrumentos de avaliación serán os descritos no apartado de avaliación ordinaria.

O profesorado fará un seguimento do traballo e a evolución dos/as alumnos/as co obxecto de avaliar a actitude dos/as alumnos/as.

O alumnado que suspendendo algunha parte do módulo vai a FEOE poderá facer as mesmas tarefas que os alumnos que acuden a clases de recuperación. A comunicación será a través da aula virtual e presencial os días de visita ao centro educativo. Ao igual que o resto dos alumnos terán que presentarse coas partes suspensas á proba final, debendo superar cada parte de xeito independente ao igual que estos.

Para calcular a nota do módulo na avaliación final extraordinaria aplicaranse os mesmos criterios que na avaliación final ordinaria.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Os alumnos ou alumnas que falten máis dun 10% das horas totais do módulo de xeito inxustificadamente perderán o dereito á avaliación continua. Para superar o módulo, deberán someterse a unha proba final previa a segunda avaliación do ciclo.

A devandita proba constará dos mesmos bloques establecidos no apartado 6.1. "Criterios de cualificación e recuperación", e, ao igual que o resto de alumnado:

- Será preciso superar todas as partes por separado para aprobar o módulo.
- A cualificación final do módulo resultará da media ponderada en base aos pesos establecidos para cada UD, entre todas as partes no caso de ter todas superadas.

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

As medidas de reforzo educativo constitúen un continuo de atención á diversidade. Para elo, planifícanse actividades extra para aqueles alumnos aos que lles custe especialmente a consecución dalgún dos obxectivos do módulo.

Favorecerase a colaboración entre compañeiros para axudar a comprender distintos puntos de vista e reforzar o explicado na aula.

Para o alumnado con NEE terase en conta as recomendacións do departamento de orientación.

Programación da educación en valores.

Os temas transversais que se atopan en todas as unidades de traballo serán:

- Coñecemento e respecto pola normativa TIC legal vixente; en especial a Lei de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD)
- Fomento de actitudes éticas no uso da tecnoloxía.
- Aprendizaxe permanente ó longo da vida.
- Explicar ó alumnado a importancia que ten o movemento de *¿Software Libre¿* no desenvolvemento da súa carreira profesional, o contorno produtivo de Galicia e as súas implicacións sociais.

Os valores claves que se van traballar na aula son:

- Responsabilidade: Na actitude de traballo e comportamento na aula, no uso correcto dos recursos informáticos do centro, na xestión ética dos datos persoais e no respecto á propiedade intelectual.
- Traballo en equipo: Colaboración en tarefas cos compañeiros respetando as opinións destes.
- Esfuerzo e superación: Afrontar retos técnicos traballando e procurando información para poder superalos.
- Honestidade: Non plagiar traballos dos compañeiros ou doutras fontes e recoñecer sempre as autorías.
- Respeto e tolerancia.

Actividades complementarias e extraescolares.

Non está prevista ningunha actividade complementaria para este curso.

No caso de que ao longo do curso se celebre algunha conferencia relacionada co módulo nalgunha poboación cercana, valorarase a posibilidade de asistir a esta.

Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Realizarase un control para comprobar que a programación se adapta ás características do alumnado, indicando o grao de cumprimento dos obxectivos de cada unidade, así como unha adaptación nos tempos previstos para cada unha das unidades.

Valorarase a adecuación do material e recursos das actividades deseñadas, así como as posibilidades de mellora que podan surxir no desenvolvemento de cada unidade.

Outros apartados.

1. Información ao alumnado da programación do módulo.

O primeiro día de curso farase un resumo da programación ao alumnado indicándolles os obxectivos do módulo, as unidades didácticas e bloques nos que se divide o módulo e cómo se van desenvolver as clases, indicándoselles os criterios de cualificación que se van aplicar para obter a nota. A programación estará a disposición dos alumnos na web do instituto

2. Alumnado Plan Vello

O alumnado do plan vello rexirase pola mesma programación que o alumnado do plan novo

3. Ensino semipresencial

Usarase a aula virtual do centro tanto para a docencia presencial, como para a docencia semipresencial ou a distancia no caso de que fora necesaria. Na AV estarán a disposición do alumnado todos os recursos e actividades deseñadas para acadar os obxectivos do módulo. Ao ser a plataforma empregada a diario nas clases presenciais, ante calquera cambio de modalidade o alumnado estará familiarizado con esta, o que facilitará a adaptación a nova circunstancia. Ademais da AV, no caso de non poder facer as clases presenciais, o ensino apoiarase co uso dos foros, chats e mensaxería ,videoconferencias e do espazo abalar para garantir a comunicación co alumnado. O alumnado debe ter instalada en casa unha máquina virtual SQL Server para realizar as tarefas. As probas de avaliación será presenciais, salvo que a situación sanitaria non o permita.